



**SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 27 DE NOVEMBRO DE 2.020**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas do día vinte e sete de novembro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Antonio García Fornos, D. Francisco Fernandes Pires e D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG e D. Jesús Río Piornedo do PP; xustificaron a ausencia D^a Tamara Ballesteros Vidueira e D^a Cristina Clavería Alves do grupo municipal do BNG e D. José Rodríguez Gómez do PSdeG, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 28/09/2020.

Por maioría, cos votos a favor dos 5 integrantes do grupo municipal do BNG e o voto en contra do portavoz do grupo municipal popular foi aprobada a acta correspondente á sesión do 28/09/2020

2º.- ELECCIÓN XUÍZ/A DE PAZ TITULAR.

Antecedentes

Ó abeiro do disposto nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo do Poder Xudicial incouse expediente na sesión celebrada o 28/09/2020 polo Pleno da Corporación Municipal para a elección do Xuíz de Paz do Concello.

A convocatoria foi publicada no BOP do pasado martes 6 de outubro 2020 dando a coñecer os requisitos e o prazo para a presentación de solicitudes.

Rematado ás 14 horas do 21 de outubro o prazo establecido só foi rexistrada á solicitude correspondente a Dona María Luisa Estévez Rodríguez que adxuntou a documentación requerida.

VOTACIÓN E ACORDO

O Alcalde-Presidente propón a vista do expediente tramitado a elección de Dona María Luisa Estévez Rodríguez por considerala idónea para o cargo de Xuíz de Paz do Concello.

O Pleno da Corporación municipal por unanimidade acorda a elección de Dona María Luisa Estévez Rodríguez como Xuíz de Paz do Concello da Mezquita, propóndolle á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o seu nomeamento.

3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL PROXECTO DELIMITACION DE SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL O PEREIRO.

Expón o Sr. Alcalde-Presidente a necesidade de rematar a tramitación do expediente de "Delimitación do Núcleo Rural Tradicional O Pereiro", para unha maior seguridade xurídica.

O Pleno da Corporación por unanimidade e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal

ACORDA





Primeiro: Aprobar provisionalmente o Proxecto de Delimitación do Núcleo Rural Tradicional do Pereiro coas incorporacións dos informes sectoriais emitidos.

Segundo: Unha vez dilixenciado elevar o expediente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Dirección Xeral do Territorio e Urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

4º.- AUGAS DE GALICIA, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN CANON DA AUGA. EXPEDIENTE INSPECCIÓN TRIBUTARIA 2015 2016 2017

Dá conta o Sr. Alcalde da Acta de conformidade remitida por AUGAS DE GALICIA que inicialmente reclamaba do Concello da Mezquita unha cantidade que superaba os 90.000 € por impago do canon da auga e que en base as alegacións presentadas polo Concello fixou finalmente en 44.766,72 € e 5.776,52 € de intereses de demora.

Signala así mesmo a gravidade da situación para as arcas municipais e a obrigatoriedade de responder deste pago por parte do Concello cando en realidade é un imposto da Xunta de Galicia polo consumo de auga que deben pagar os consumidores.

Indica por último que o Concello seguirá defendendo con alegacións os intereses municipais no posible expediente sancionador que Augas de Galicia tramite contra o Concello da Mezquita e que no presente exercicio 2020 o importe a pagar á Xunta de Galicia polo Canon da Auga dos recibos de abastecemento supera os 3.000 € trimestrais.

O Pleno da Corporación toma razón e dase por enterado.

5º.- ORZAMENTO XERAL 2021

O Sr. Alcalde manifesta que se trae para a súa aprobación polo Pleno da Corporación un orzamento para o 2021 que reflexa o axustado dos ingresos ordinarios para cubrir os gastos.

Signala que no Capítulo de persoal están incluídos tamén os programas de contratación temporal incendios, empregabilidade, socorrista, APROL rural..., que o Concello formaliza cada ano contribuíndo a xeración de emprego e dinamización económica.

Fai fincapé no ambicioso programa de aforro enerxético e renovación de luminarias a efectuar coa colaboración do IDAE e que superará os 500.000 €.

Por último, indica que no orzamento tamén se reflexa a financiación e o déficit de cada servizo municipal e do importante esforzo realizado na redución da débeda municipal que aínda segue a ser moi elevada.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación, o Pleno da Corporación por maioría, cos 5 votos a favor dos integrantes do grupo municipal do BNG presentes e o voto en contra do portavoz do grupo municipal popular que considera que o orzamento para o 2021 non recolle medidas específicas sobre a incidencia do COVID 19, APROBA O ORZAMENTO XERAL 2021 que ascende en gastos e ingresos a 1.193.200 €. Apróbanse así mesmo as bases de execución e o anexo de persoal que figuran no expediente.

Por último, acórdase a exposición pública desta aprobación inicial do ORZAMENTO 2021 no BOP e no Taboleiro de Edictos a efectos de exame e alegacións polo prazo de 15 días hábiles considerando definitivos estes acordos se non se formulasen reclamacións neste período.

6º ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou por escrito ningún rogo e pregunta e indicando o Sr. Alcalde se querían expresarse verbalmente, o portavoz do grupo municipal do PP D. Jesús Río





Piornedo solicitou diferentes aclaracións e comentarios a respecto da solución (con ADIF) a traída de augas da Mezquita, ó depósito para a carga de helicópteros anti-incendios, ó vertido da fosa da Vilavella no Camino de Santiago. Tamén preguntou se están a funcionar ben os contadores da auga e quen era o responsable. Pediu explicacións sobre o pago das aportacións ó obradoiro de emprego executado co Concello de Viana do Bolo e sobre as medidas a adoptar coas bonificacións do canon da auga.

Por último, felicitou ó grupo de goberno pola actividade realizada coa malla do centeo e solicitou como rogo que se teña coidado coas fotos desta actividade na que os participantes non levan máscara. Estas cuestións foron respondidas polo Sr. Alcalde dando explicacións ás preguntas formuladas e agradecendo os parabéns pola actividades da malla.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

